

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (código de procedemento PL600A).*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de acordo co que establecen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, dispón que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con isto, recoñécelle á cidadanía o dereito de coñecelo e de usalo, pero non estaría garantido ese dereito se a cidadanía non tivese a posibilidade de aumentar (ou iniciar, se é o caso) o coñecemento e o dominio da lingua propia de Galicia.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outras, varias medidas dirixidas ás persoas adultas e ao resto da sociedade, encamiñadas a renovar a política lingüística con respecto ao uso do galego, adecuándoa aos tempos actuais, co fin de equilibrar unha situación social de desigualdade entre o castelán e o galego, o que exige medidas favorables a este último para alcanzar ese equilibrio.

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo atribúelle a esta as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Dentro da estrutura da consellería, consonte o disposto no devandito decreto, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística o órgano encargado de executar aquelas accións necesarias para desenvolver as competencias sobre política lingüística atribuídas á consellería e, máis concretamente, atribúelle a función de coordinación e xestión das actividades de formación e promoción da lingua galega, así como a autorización e homologación de cursos, seminarios, encontros e congresos de formación de lingua galega e/ou de linguaxes específicas, e a xestión das certificacións de aptitude do alumnado, cando proceda.

A lingua galega, ademais de no territorio administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, fálase, entre outros territorios, en zonas das provincias de León e Zamora. Cómpre lembrar que a citada Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, sinala que o Goberno galego fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de autonomía –referido á si-



natura de convenios e acordos entre comunidades autónomas– co fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes con Galicia. Nesta liña, a Xunta de Galicia e a Xunta de Castilla y León asinaron, o 30 de agosto de 2006, un Protocolo para a promoción da lingua galega nos territorios limítrofes das comunidades autónomas, ao abeiro do cal pode estudarse esta lingua en diversos centros de ensino do Bierzo e Sanabria, á parte da súa presenza na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada.

Xa que logo, para satisfacer o interese por aprender e mellorar o nivel de coñecemento da lingua galega nestes territorios limítrofes con Galicia, así como noutras comunidades autónomas e países, especialmente onde residen descendentes de emigrantes, inclúense tamén nesta convocatoria cursos dirixidos a esta poboación residente fóra da Comunidade Autónoma galega.

Por todo iso,

**RESOLVO:**

**1. Obxecto.**

Convocar, con carácter gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega (Celga), niveis 1, 2, 3 e 4, con código de procedemento administrativo PL600A.

Os cursos que se convocan na modalidade presencial relaciónanse no anexo II (niveis Celga 2, 3 e 4) e os que se convocan na modalidade de teleformación relaciónanse no anexo III (niveis Celga 1, 3 e 4).

**2. Persoas destinatarias.**

2.1. Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga) poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos ou por aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen mellorar o seu coñecemento e dominio do galego e preparar as probas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca periodicamente para certificar a competencia nesta lingua.

2.2. No caso dos cursos de teleformación, as persoas solicitantes deberán dispoñer dun equipamento informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet.
- A conta de correo electrónico especificada na solicitude.



No curso Celga 1 de teleformación, deberán dispoñer a maiores de:

- Calquera navegador web co *plugin de flash*.

Nos cursos Celga 3 e Celga 4 de teleformación, deberán dispoñer a maiores de:

- Un micrófono ou calquera medio alternativo que permita a gravación de voz.

2.3. Para solicitar un curso Celga 3 ou Celga 4 de teleformación será requisito indispensable o seguinte:

a) Se solicita un curso destinado á poboación que reside en Galicia, a persoa deberá estar empadroadada nalgún dos concellos da provincia galega correspondente.

b) Se solicita un curso destinado á poboación que reside no Bierzo (León) e Sanabria (Zamora), a persoa deberá estar empadroadada nalgún dos concellos que conforman a comarca do Bierzo ou que están adscritos ao IES Valverde de Lucerna, de Puebla de Sanabria.

c) Se solicita un curso destinado ao resto da poboación, a persoa deberá estar empadroadada fóra de Galicia.

### 3. Solicitudes e prazo.

3.1. Para conseguir o axeitado rendemento e o aproveitamento do curso hai que procurar a homoxeneidade dos coñecementos do alumnado. Polo tanto, á hora de formular a solicitude dun curso dun determinado nivel Celga, deberase ter en conta a definición de contidos previstos na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 146, do 30 de xullo de 2007 (corrección de erros no DOG núm. 178, do 13 de setembro).

#### 3.2. No caso dos cursos presenciais:

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán cubrir o formulario de solicitude, segundo o modelo PL600A, que se publica como anexo I, e dirixilo á xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo da provincia que corresponda. Os formularios de solicitude estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.



No caso de que unha persoa precise apoio para realizar o curso presencial por mor dunha discapacidade, indicará na súa solicitude o apoio concreto que necesita, cuxa concesión será valorada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

### 3.3. No caso dos cursos de teleformación:

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán cubrir o formulario de solicitude, segundo o modelo PL600A, que se publica como anexo I, e dirixilo á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os formularios de solicitude estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

En aplicación do previsto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), e do artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro), as persoas que desexen participar nun destes cursos de teleformación deben dispoñer dun equipamento informático cos requisitos técnicos sinalados no punto 2.2, o que implica que contan coa capacidade técnica para acceder e dispoñer dos medios electrónicos necesarios. Polo tanto, as solicitudes dos cursos de teleformación presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirírase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

3.4. Só se poderá presentar unha única solicitude e solicitar un único curso por persoa, aínda que sexan de modalidades distintas. De existir máis dunha solicitude da mesma persoa ou de solicitar esta máis dun curso, anularanse todas as súas peticións.

3.5. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

4. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

4.1. De solicitar o curso Celga 4 de teleformación destinado á poboación que reside no Bierzo (León) e Sanabria (Zamora), a persoa interesada achegará, xunto coa súa solicitude, o seguinte:

– Copia do certificado de empadramento.

No caso de que non o achegue, a súa solicitude entenderase formulada para o curso Celga 4 de teleformación destinado ao resto da poboación (suposto 2.3.c).

4.2. De precisar apoio para realizar un curso presencial por mor dunha discapacidade, a persoa interesada achegará, xunto coa súa solicitude, o seguinte:

– Copia do certificado de discapacidade emitido por unha Administración distinta da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso.

4.3. Non será necesario achegar estes documentos se xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou o citado documento.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación



por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación do alumnado seleccionado.

4.4. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## 5. Comprobación de datos.

5.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Certificado de empadramento da persoa residente en Galicia que solicita un curso Celga 3 ou Celga 4 de teleformación.



Cando se solicite un curso presencial, consultarase ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- Certificado de discapacidade emitido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

5.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

5.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## 6. Publicación do alumnado seleccionado.

6.1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web (<http://www.lingua.gal>) unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de alegacións será de cinco días naturais desde a súa publicación. Entenderase que as persoas que non figuren na relación é porque ocupan un posto máis afastado na listaxe de agarda ou ben porque foron excluídas por incumpriren os requisitos establecidos ou achegaren as solicitudes fóra de prazo.

6.2. Transcorrido o prazo de alegacións, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web (<http://www.lingua.gal>) a listaxe definitiva de persoas admitidas nos cursos.

## 7. Asignación das prazas.

Todos os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 30, agás os cursos do Celga 1, que terán un número máximo de 50 participantes.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá autorizar expresamente a realización de cursos que non acaden o número mínimo de participantes. Así mesmo, poderá realizar



máis dunha edición do curso ou cursos que teñan unha demanda moi superior ao número máximo de participantes.

Se un curso ten máis solicitantes ca prazas dispoñibles, a asignación farase por orde de entrada das solicitudes. No caso de que entren varias ao mesmo tempo, utilizarase o criterio da orde alfabética.

Se un curso de teleformación ten menos de 30 solicitantes e outros cursos do mesmo nivel teñen máis de 30, levarase a cabo unha redistribución das persoas solicitantes segundo a orde de entrada. No caso de que entren varias ao mesmo tempo, utilizarase o criterio da orde alfabética.

## 8. Asistencia.

8.1. Nos cursos presenciais, o profesorado levará un control da asistencia do alumnado. Se durante os dous primeiros días do curso as persoas inscritas se dan de baixa ou non asisten, esas prazas deberán ofrecérselles, por orde, ás persoas solicitantes que figuren na listaxe de agarda ata completar, se é posible, o número máximo de prazas ofertadas. Para estes efectos, o terceiro día do curso, o profesorado deberalle remitir ao gabinete provincial de normalización lingüística a listaxe definitiva de asistentes a través dun correo electrónico.

No caso de que algunha das persoas asistentes altere o normal desenvolvemento do curso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, tras recibir o informe correspondente do profesorado e darlle audiencia á persoa interesada, poderá proceder á súa expulsión.

8.2. Nos cursos de teleformación, as persoas inscritas serán dadas de baixa se durante os tres primeiros días do curso non acceden á plataforma ou se durante a primeira semana non realizan todas as tarefas da primeira unidade didáctica.

## 9. Duración.

Con carácter xeral, cada curso terá unha duración de 70 horas lectivas. Nos cursos presenciais, estas distribuiranse en sesións de dúas horas e media, agás as excepcións reflectidas no anexo II (Programación de cursos Celga presenciais).





## 10. Contido.

Os cursos axustaranse aos obxectivos, ao programa e ao contido curricular establecidos para cada un dos niveis sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Do mesmo xeito, coidarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega (Celga), cuxa expedición lle compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## 11. Notificacións.

11.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

11.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

11.3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.



11.4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida por la persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

11.5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 13. Recursos contra a resolución de convocatoria dos cursos.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, todas as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 14. Información básica sobre protección de datos persoais.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas refe-



rencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Valentín García Gómez  
Secretario xeral de Política Lingüística




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS DOS NIVEIS CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 E CELGA 4</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PL600A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante				
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>CURSO QUE SOLICITA</b> (ver anexos II e III)		
<input type="radio"/> MODALIDADE PRESENCIAL	NIVEL <input type="radio"/> CELGA 2 <input type="radio"/> CELGA 3 <input type="radio"/> CELGA 4	LOCALIDADE
	<input type="text"/>	
	<input type="text"/>	
<input type="radio"/> MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN	NIVEL <input type="radio"/> CELGA 1 <input type="radio"/> CELGA 3 <input type="radio"/> CELGA 4	ÁMBITO XEOGRÁFICO <input type="radio"/> Provincia da Coruña <input type="radio"/> Provincia de Lugo <input type="radio"/> Provincia de Ourense <input type="radio"/> Provincia de Pontevedra <input type="radio"/> Resto <input type="radio"/> Provincia da Coruña <input type="radio"/> Provincia de Lugo <input type="radio"/> Provincia de Ourense <input type="radio"/> Provincia de Pontevedra <input type="radio"/> O Bierzo e Sanabria <input type="radio"/> Resto
	<input type="text"/>	
	<input type="text"/>	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ih3a6na7-pxk9-alu4-0jr3-jbmi5mbe6di4


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

**ANEXO I**  
(continuación)

**APOIO QUE PRECISA A PERSOA CON DISCAPACIDADE QUE SOLICITA UN CURSO PRESENCIAL**

--

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do certificado de empadramento da persoa residente no Bierzo ou Sanabria que solicita o curso Celga 4 de teleformación destinado á poboación destas zonas			
<input type="checkbox"/> Copia do certificado de discapacidade emitido por unha Administración distinta da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

**OPÓÑOME Á CONSULTA**

DNI/NIE da persoa solicitante

Certificado de empadramento da persoa residente en Galicia que solicita un curso Celga 3 ou Celga 4 de teleformación

**MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN**
 Certificado de discapacidade emitido pola Comunidade Autónoma de Galicia

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 4 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuito, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (código de procedemento PL600A).


**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--




- Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de   
 Secretaría Xeral de Política Lingüística


 Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora


**ANEXO II**  
**Programación de cursos Celga presenciais**

**Provincia da Coruña:**

Localidade	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Coruña, A	Código: CL220191503001. Lugar: IES Fernando Wirtz Suárez. Rúa Cabaleiros, 1. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL320191503001. Lugar: IES Salvador de Madariaga. Paseo de Ronda, 49. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL420191503001. Lugar: IES Fernando Wirtz Suárez. Rúa Cabaleiros, 1. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.
Ferrol	Código: CL220191503601. Lugar: IES Concepción Arenal. Rúa Cuntis, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.		Código: CL420191503601. Lugar: IES Concepción Arenal. Rúa Cuntis, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.
Santiago de Compostela	Código: CL220191507801. Lugar: IES Arcebispo Xelmírez I. Rúa Poza de Bar, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL320191507801. Lugar: IES Arcebispo Xelmírez I. Rúa Poza de Bar, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL420191507801. Lugar: IES Arcebispo Xelmírez I. Rúa Poza de Bar, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 18.30 ás 21.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.

**Provincia de Lugo:**

Localidade	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Lugo	Código: CL220192702801. Lugar: IES Lucus Augusti. Avenida Rodríguez Mourelo, s/n. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 19.00 ás 21.30 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 19.00 ás 22.00 h		

**Provincia de Ourense:**

Localidade	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Ourense	Código: CL220193205401. Lugar: IES Otero Pedrayo. Rúa Padre Feijóo, 19. Datas: do 1.4.2018 ao 23.5.2018. Horario: de luns a xoves, das 19.30 ás 22.00 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 19.00 ás 22.00 h.		



**Provincia de Pontevedra:**

Localidade	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Pontevedra		Código: CL320193603801. Lugar: IES Frei Martín Sarmiento. Avenida de Vigo, 23. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, de 19.00 a 21.30 h, agás todos os mércores do curso e os luns 29 de abril e 6, 13 e 20 de maio, que será das 19.00 ás 22.00 h.	Código: CL420193603801. Lugar: IES Frei Martín Sarmiento. Avenida de Vigo, 23. Datas: do 1.4.2018 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 19.00 ás 21.30 h, agás todos os mércores do curso e os luns 29 de abril e 6, 13 e 20 de maio, que será das 19.00 ás 22.00 h.
Vigo	Código: CL220193605701. Lugar: IES Ricardo Mella. Estrada Vella de Madrid, 177. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2018. Horario: de luns a xoves, das 19.00 ás 21.30 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL320193605701. Lugar: IES Ricardo Mella. Estrada Vella de Madrid, 177. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2018. Horario: de luns a xoves, das 19.00 ás 21.30 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.	Código: CL420193605701. Lugar: IES Ricardo Mella. Estrada Vella de Madrid, 177. Datas: do 1.4.2019 ao 23.5.2019. Horario: de luns a xoves, das 19.00 ás 21.30 h, agás todos os martes do curso e os xoves 9, 16 e 23 de maio, que será das 18.30 ás 21.30 h.

**ANEXO III**  
**Programación de cursos Celga de teleformación**

**Cursos Celga 1:**

Código	Datas
CL12019SA-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
CL12019SA-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
CL12019SA-3	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019

**Cursos Celga 3:**

Ámbito xeográfico	Código	Datas
Provincia da Coruña	CL32019CO-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Lugo	CL32019LU-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL32019LU-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Ourense	CL32019OU-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL32019OU-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Pontevedra	CL32019PO-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Resto	CL32019EX-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019



**Cursos Celga 4:**

Ámbito xeográfico	Código	Datas
Provincia da Coruña	CL42019CO-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL42019CO-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL42019CO-3	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Lugo	CL42019LU-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL42019LU-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Ourense	CL42019OU-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL42019OU-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Provincia de Pontevedra	CL42019PO-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
	CL42019PO-2	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
O Bierzo e Sanabria	CL42019BS-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019
Resto	CL42019EX-1	Do 1.4.2019 ao 23.5.2019

